

Instrución 1/2026, do 15 de xullo da Vicerreitoría de Profesorado, pola que se delega a concesión de permisos e licenzas por docencia e investigación por períodos inferiores a un mes

PREÁMBULO	1
Artigo 1. Obxecto	1
Artigo 2. Ámbito de aplicación	1
Artigo 3. Delegación de competencias	1
Disposición final primeira. Habilitación	1
Disposición final segunda. Entrada en vigor	1

PREÁMBULO

O Acordo do Consello de goberno de 28 de abril de 2026 polo que se regulan as vacacións e a concesión de permisos e licenzas do persoal docente e investigador da Universidade da Coruña é o marco normativo que rexe os permisos e licenzas que afectan a todo o persoal docente e investigador da Universidade da Coruña comprendido no ámbito de aplicación da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario.

O citado Acordo recolle no seu punto 5 a) as disposicións relativas aos permisos por docencia e investigación.

Artigo 1. Obxecto

A presente instrución ten por obxecto axilizar a tramitación e a concesión das licenzas por docencia e investigación.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

A presente instrución será de aplicación ás solicitudes de permisos e licenzas por docencia e investigación por períodos inferiores a un mes.

Artigo 3. Delegación de competencias

Por medio da presente instrución a Vicerreitoría de Profesorado delega a concesión dos permisos e licenzas por docencia e investigación por períodos inferiores a un mes na dirección do Departamento de adscrición da persoa solicitante.

Disposición final primeira. Habilitación

Habílitase á persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de Profesorado para interpretar e resolver as dúbidas que presente a aplicación desta instrución.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta instrución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

A vicerreitora de Profesorado

María Teresa López Fernández